



Guía Docente

Datos Identificativos					
Asignatura (*)			Educación e linguas en Galicia	Código	2024/25 652610003
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	1.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es		
Profesorado	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo central a reflexión sobre a relevancia da diversidade lingüística e o papel que o sistema educativo xoga no seu mantemento, coñecer a realidade sociolingüística galega e analizar o papel dos centros de ensino como axentes de planificación lingüística. Por tanto, a través do seu estudo, esta materia pretende incorporar a cultura da planificación e da intervención como factores esenciais da educación.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Saber deseñar mecanismos de recoñecemento no grupo escolar de preconceitos que conduzan á discriminación (nomeadamente a lingüística) e actuacións para a súa erradicación	AP13		
Avaliar criticamente e en grupo as debilidades e as fortalezas dun proxecto lingüístico de centro de ensino real	AP13		CP4
Participar con argumentos sólidos e as claves da redacción académica en discusións dirixidas sobre a situación sociolingüística galega, os modelos de educación plurilingüe e o papel dos centros de ensino na planificación lingüística.	AP13		CP1
A través das lecturas recomendadas, comprender a situación sociolingüística galega e coñecer a lexislación vigente referida ao ensino de linguas en Galicia, mantendo un espírito crítico e comprometido cos valores de xustiza e equidade, asumindo a necesidade de actualización profesional ao longo da vida	AP13		CP4

Contidos

Temas	Subtemas
Modelos de educación bilingüe ou plurilingüe	A educación en contextos plurilingües Como apostamos polo plurilingüismo?
A situación sociolingüística da lingua galega	Coñecemento e uso da lingua galega Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego Ameazas e fortalezas da lingua galega
As linguas no sistema educativo galego	A lexislación lingüística no sistema educativo A competencia lingüística A formación lingüística Referentes e compromisos
O papel dos centros educativos na planificación lingüística	A intervención sociolingüística no ensino. Obxectivos e niveis de actuación O proxecto lingüístico de centro Os equipos de normalización e dinamización lingüística

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Foro virtual	A13 C1 C4	0.5	4	4.5
Lecturas	A13	1	13.5	14.5
Sesión maxistral	A13	3.5	0	3.5
Proba de ensaio	A13 C1 C4	0	4	4
Estudo de casos	A13	10	0	10
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Foro virtual	Na plataforma Moodle abrírase un espazo virtual de discusión e de aprendizaxe colaborativa en que se construíra conxuntamente un glosario de termos especializados, se incorporarán ligazóns de interese relacionada cos contidos da materia e terán lugar discusións asíncronas dirixidas polo docente. Esta metodoloxía poderá ser adaptada en función das características concretas da turma.
Lecturas	O alumnado deberá ler dous artigos especializados con anterioridade á celebración de cada unha das sesións presenciais. Esta metodoloxía será avaliada a través da participación no foro, no glosario e na achega de ligazóns.
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedimentais fundamentais para o alumnado alcanzar as competencias e destrezas previstas na materia.
Proba de ensaio	Realízase unha proba escrita de ensaio en que o alumnado deberá pór en relación, de maneira argumentada e crítica, o texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.
Estudo de casos	Nas sesións interactivas realízanse supostos prácticos (i) de actuación sobre os marcos de pensamento ocultos que condicionan a atribución de valores negativos a unha lingua, (ii) de planificación lingüística nos centros de ensino e (iii) de análise, revisión crítica e proposición de alternativas de mellora dun proxecto lingüístico de centro.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Foro virtual Lecturas	O docente fará un seguimento semanal do caderno dixital e dará pautas de comprensión das dúbidas que ficaren, así como ofrecerá outras lecturas alternativas. Por outra parte, todas as persoas discentes recibirán recomendacións sobre o seu seguimento das aulas e da materia mentres esta se desenvolver. O alumnado con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de titorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Foro virtual	A13 C1 C4	Participación a través do Moodle na construción dun glosario, nas discusións dirixidas asíncronas e na achega de ligazóns de interese. No caso de que esta metodoloxía fose adaptada, a súa porcentaxe na avaliación será asumida polos estudos de caso e a proba de ensaio.	30
Proba de ensaio	A13 C1 C4	Proba escrita en que haberá que relacionar de maneira crítica e con argumentos madurecidos un texto proposto con aspectos teórico-prácticos vistos nas sesións presenciais.	30
Estudo de casos	A13	Elaboración de supostos prácticos, individual e/ou grupalmente.	40





Enténdese que o alumnado universitario ten asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita. Por tanto, é primordial e obrigatorio a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará na plataforma Moodle.

O

estudantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesor.

Este alumnado deberá realizar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Para superar a

materia, será condición indispensable ter realizado os estudos de casos e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 na proba obxectiva.

As persoas que non asistiren ao 80% das sesións presenciais, deberán realizar todas as actividades individualmente para poderen ser avaliadas.

As persoas que se presentaren á segunda oportunidade

(xullo) ou á convocatoria adiantada (decembro) deberán entregar, antes da data marcada aos efectos de avaliación pola Facultade de Educación, os traballos que non tiveren superados, ben como realizar a proba de ensaio (caso non ter atinxido 4 valores sobre 10 na primeira oportunidade ou non a ter realizado).

Será considerado NON PRESENTADA aquela persoa que non realizar os estudos de casos e a proba obxectiva.

NORMAS ESPECÍFICAS DE AVALIACIÓN PARA ALUMNADO CON RECOÑECIMENTO DE DISPENSA ACADÉMICA

Segundo o establecido na " Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e máster universitario na Universidade da Coruña (aprobado polo Consello Social do 04/05/2017), o estudantado con recoñecemento de dispensa académica:

- i. Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non for posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle sexa concedido o recoñecemento.
- ii. Terá que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase o exercicio considerase non realizado. No caso de se tratar dun exercicio de realización obrigatoria, o/a estudante será cualificado como NON PRESENTADO/A
- iii. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes, na segunda oportunidade deberán repetir todas as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba) na primeira oportunidade. Se se suspender algunha actividade a cualificación final será a media ponderada das actividades, sempre que esta non supere o 4; de a media ser superior a 4 valores sobre 10, a cualificación final nesa convocatoria será de 4.

Os

traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio e/ou presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?Suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade coma na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, si for necesario.

Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica, "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Perspectiva de xénero

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

Traballárase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influírase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Villares Naveira, L. (2010). Estudos xurídicos do Decreto de Plurilingüismo. Ames: Laiovento - Núñez Singala, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega. Vigo: Galaxia - Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). Guía práctica para a planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Fernández Paz, A. /Lorenzo Suárez, A. / Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Xunta de Galicia (2005). Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Skutnabb-Kangas, T. (2011). "Resultados de crecemento e a homoxeneización lingüística no ensino. Quen posúe os coñecementos máis válidos?" en Lingua e Ecoloxía. VIII Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Xunta de Galicia (2007). Planificación lingüística nos centros de ensino 2007. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Subiela e Fente (2012). "Reflexións relativas á elaboración participativa dun marco de planificación lingüística dos centros de ensino", en A letra miúda nº 1. Santiago de Compostelas: GENDL - Asorey Vidal (). "O ensino en territorios con conflito lingüístico", Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo, 897-904. - Iglesias Álvarez (2012). "Actitudes e prexuízos lingüísticos en Galicia. A súa influencia nos usos", A letra miúda nº 1 (2012).. Santiago de Compostelas: GENDL
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Silva Valdivia, B. (2008). Lingua e escola en Galicia: balance e propostas de futuro. Vigo: Galaxia - Moreno Cabrera, J. C. (2006). De Babel a Pentecostés. Manifesto plurilingüista. Barcelona: Horsoni - Díaz García et alii (2009). Diversidade lingüística e cultural no ensino de linguas. Santa Comba: tresCtres - Silva Valdivia, B. (2010). Avaliación da competencia do alumnado de 4º de ESO nos idiomas galego e castelán. Santiago de Compostela: USC - Freixeiro Mato, X. R. (2002 (1997)). Lingua galega: normalidade e conflito. Ames: Laiovento - Monteagudo, H. / Bouzada, X. (2002). O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000). Vol. II. Educación. Compostela: Consello da Cultura Galega - Skutnabb-Kangas, T. (2000). Linguistic genocide in education or worldwide diversity and human rights?. New Jersey: Lawrence Erlbaum Associates - Moure, T. (2010). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Calvet, L. J. (1995). A guerra das linguas e as políticas lingüísticas. Compostela: Laiovento - García Plata, Ignasi (). "A planificación lingüística nos centros de ensino. A experiencia de Catalunya", A letras miúda nº 2, Revista de sociolingüística da CGENDL. Santiago de Compostelas: GENDL - Ponencia de lingua do Consello da Cultura Galega (1999). Dereitos lingüísticos. Compostela: Consello da Cultura Galega - Sanmartín Rei, G. (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da UDC - Subiela (2009). "Democracia e política lingüística en Galiza", en Monteagudo (coord.) Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Pontevedra: Cumio

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recoméndase un nivel mínimo de galego equivalente a B2. Recoméndase igualmente o envío dos traballos telematicamente e, se non é posíbel, non empregar plásticos, escoller a impresión a dupla cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, ben como ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e prrofesionais.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías